



## **ACTA DE CONSTITUCIÓN DO CONCELLO PLENO 11-06-2011**

### **ASISTENTES**

#### **Alcalde-presidente**

D. Julio Ignacio Iglesias Redondo

#### **Concelleiros**

Dn<sup>a</sup>. María Victoria Montenegro Paz

D. José Salvador Ferreiro Montenegro

D. José Eugenio Fernández Lago

Dn<sup>a</sup>. Olimpia Marcos García

D. José Juan Vilar Rico

D. José Manuel Cendán Fernández

Dn<sup>a</sup>. María Mercedes Grande Regueiro

Dn<sup>a</sup>. Josefina Martínez Martínez

Dn. Juan Manuel Sixto Galiano

D. Emilio Mesías Farías

D. Ángel Miguel Fernández Permuy

D. Luis Cendán Fernández.

#### **Secretario**

D. Manuel Larrosa Rodríguez.

Na localidade de Ares, ás 12.03 horas do día once de xuño do 2011, en Na cumprimento do disposto nos artigos 195.1 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, e 37.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e para o efecto de levar a cabo a constitución do novo Concello de Ares, consecuencia das eleccións locais celebradas o pasado día 22 de maio de 2011 en virtude do R.D. 424/2011, de 28 de marzo, polo que se convocan eleccións locais e ás assembleas de Ceuta e Melilla, as Corporacións Locais



constituéñse o vicesimo día posterior á celebración das eleccións, despois de ver os resultados das eleccións do día 22 de maio de 2011, para a renovación da totalidade dos membros das corporacións locais, reúñense os Sres. Concelleiros enumerados á marxe, asistidos polo secretario, que dá fe do acto.

### **FORMACIÓN DA MESA DE IDADE**

A continuación, o secretario da corporación, unha vez declarada aberta a sesión, le o artigo 195.2 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral e 37.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e atendendo ao disposto neles, procédese a constituír a mesa de idade.

A mesa de idade queda integrada por D. José Eugenio Fernández Lago, concelleiro de maior idade, que a preside, e por Dn<sup>a</sup>. Olimpia Marcos García, concelleira electa de menor idade.

### **COMPROBACIÓNS PREVIAS Á CONSTITUCIÓN DO CONCELLO**

Unha vez constituída a mesa de idade, pola secretaría dase conta que a Xunta Electoral de Zona de Ferrol, en cumprimento do que dispón o art. 108.5 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño estendeu acta de proclamación do resultado das eleccións municipais celebradas o pasado día 22 de maio de 2011 na circunscrición electoral de Ares, proclamando aos seguintes concelleiros electos :

- Julio Ignacio Iglesias Redondo.
- María Victoria Montenegro Paz.
- José Eugenio Fernández Lago.
- Olimpia Marcos García.
- José Salvador Ferreiro Montenegro.
- José Juan Vilar Rico.
- José Manuel Cendán Fernández.
- Josefina Martínez Martínez.
- Juan Manuel Sixto Galiano.
- María Mercedes Grande Regueiro.



- Emilio Mesías Farías.
- Ángel Miguel Fernández Permuy.
- Luis Cendán Fernández.

Pola secretaría informáse que non consta a presentación de reclamación, protesta ou recurso ante a proclamação.

Despois, o secretario da mesa procede a ler todas as credenciais acreditativas da personalidade dos concelleiros electos que lle foron entregadas e á comprobación destas.

O Sr. Presidente da mesa de idade invita aos Sres. Concelleiros electos a que expoñan neste acto se lles afecta algunha causa de incompatibilidade sobrevida con posterioridade á súa proclamación, sen que haxa ningunha manifestación por parte deles..

Compróbase, a continuación, que todos os concelleiros electos formularon as declaracións referidas no artigo 75.7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladoras das bases do réxime local, modificada pola Lei 8/2007, de 8 de maio do Solo, redacción recollida no Texto Refundido RDLex. 2/2008, de 20 de xuño (Disp. Adc. 9ª.3), comprensivas de bens patrimoniais, de actividades, e liquidación do IRPF, e no seu caso patrimonio e sociedades.

Tendo en conta que se cumpre a esixencia do artigo 195.4 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, e do artigo 37.4 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e que concorre a esta sesión a maioría absoluta de concelleiros electos, procédese ao cumprimento do requisito legal previsto no artigo 108.8 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, de prestar xuramento ou promesa.

### **ACTO DE XURAMENTO OU PROMESA**

Despois de que o secretario do concello lea o artigo 108.8 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, referido á toma de posesión dos



concelleiros electos, procédese a nomear a todos os señores concelleiros electos para efectos de prestación do xuramento ou promesa.

O xuramento ou promesa realízase utilizando a fórmula prevista no Real decreto 707/1979, do 5 de abril, regulador da fórmula para a toma de posesión de cargos e funcións públicas.

A continuación, o secretario da corporación nomea a cada un dos concelleiros electos e o Sr. Presidente da mesa de idade le persoalmente a fórmula a cada un deles : «Xurades ou prometedes, pola vosa conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado», que se manifestan da seguinte maneira :

- D. Julio Ignacio Iglesias Redondo (P.SdeG-P.S.O.E.) : Sí xuro.
- Dn<sup>a</sup>. María Victoria Montenegro Paz (P.SdeG-P.S.O.E.) : Sí xuro.
- Dn<sup>a</sup>. Olimpia Marcos García (P.SdeG-P.O.S.E.) : Sí prometo.
- D. José Salvador Ferreiro Montenegro (P.SdeG-P.S.O.E.) : Sí xuro.
- D. José Juan Vilar Rico (P.SdeG-P.S.O.E.) : Sí prometo.
- D. José Manuel Cendán Fernández (P.P.) : Sí prometo.
- Dn<sup>a</sup>. Josefina Martínez Martínez (P.P.) : Sí xuro.
- D. Juan Manuel Sixto Galiano (P.P.) : Sí prometo.
- Dn<sup>a</sup>. María Mercedes Grande Regueiro (P.P.) : Sí prometo.
- D. Emilio Mesías Farías (B.N.G.) : Sí prometo.
- D. Ángel Miguel Fernández Permuy (P.P.) : Sí prometo.
- D. Luis Cendán Fernández (NAL) : Sí prometo.

A continuación Dn<sup>a</sup>. Olimpia Marcos García, integrante da mesa de idade, pregunta ao Sr. Presidente da mesa de idade, que se manifesta da seguinte maneira :

- D. José Eugenio Fernández Lago (P.SdeG-P.S.O.E.) : Sí prometo.

A continuación o Sr. Presidente da mesa de idade manifesta que cumpridos os trámites preceptivos, esta Presidencia da mesa de idade, en exercicio das



facultades que otorga a legislación vixente proclama formalmente constituída a corporación municipal de Ares.

### **ELECCIÓN DO ALCALDE**

Posteriormente, o secretario do concello, de orde do Sr. presidente da mesa de idade procede á lectura do artigo 196 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, sobre procedemento da elección do alcalde-presidente da corporación.

O Sr. secretario expón que o artigo 102.3 do Real Decreto 258/1986, de 28 de novembro establece que a votación secreta soamente poderá utilizarse para a elección e destitución de persoas. Ante a expresión facultativa "poderá" e dado que a Lei 7/1985, de 2 de abril e a Lei Orgánica 5/1985, do Réxime Electoral Xeral non establecen nada, pódese afirmar que non hai base legal para sustentar a votación secreta como forma obligatoria.

#### **a) Proclamación de candidatos á alcaldía**

Despois disto, o presidente da mesa de idade de conformidade co artigo 196 da Lei Orgánica 5/1985, dí que poden ser candidatos os cabezas de lista de cada candidatura, e pregunta aos concelleiros que encabezan as listas se manteñen a súa candidatura a alcalde ou se a retiran.

O Sr. Mesías Farías en nome do B.N.G. pide a palabra e expón : Que á vista dos resultados electorais do pasaso día 22 de maio onde os veciñas e veciñas de Ares expresaron mediante o voto, cal deberá ser a nosa vontade do que debe ser o reparto tanto do número de Concelleiros como dos distintos grupos, e tras facer as pertinentes valoracións pola nosa Organización sobre os mesmos, decidimos non presentar a nosa candidatura para a elección de Alcalde.

Procédese logo a proclamar os candidatos á alcaldía do concello, e procédese a continuación á votación ordinaria por parte dos señores concelleiros, co seguinte resultado :



- D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, candidato do partido P.S.deG-P.S.O.E.,  
núm. de votos 6.
- D. José Manuel Cendán Fernández, candidato do partido P.P., núm. de  
votos 4.
- D. Luis Cendán Fernández, candidato do partido Nueva Alianza, núm. de  
votos 1.

A presidencia da mesa de idade á vista do escrutinio, ao ser o número de concelleiros 13 e a maioría absoluta 7, procede a proclamar alcalde electo do Concello a Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo por non acadar ningún candidato a maioría absoluta e ser o candidato da lista con máis votos populares nas eleccións.

### **TOMA DE POSESIÓN**

A continuación, o Sr. secretario expón que de conformidade co artigo 18 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e co artigo 40.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, plo Sr. presidente da mesa de idade debe formularse a Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo xuramento ou promesa de acatamento á Constitución nos termos do Real Decreto 707/1979, de 5 de abril.

O Sr. presidente procede a dar lectura á fórmula de acatamento á Constitución, segundo o seguinte contido literal: «Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de alcalde, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado».

Seguidamente, o alcalde maniféstase da seguinte maneira: Sí xuro

Despois de realizar o xuramento, o señor presidente da mesa proclama alcalde a Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo alcalde do Concello de Ares e faille entrega dos atributos do seu cargo, bastón de mando e D. Julio Ignacio Iglesias



Redondo pasa a ocupar a presidencia da sala, polo que se disolverá a mesa de idade.

A continuación, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, alcalde-presidente, toma a palabra e dirixe unhas palabras de agradecemento aos señores concelleiros e público asistente :

Moitísimas grazas a todos por estar aquí acompañándonos nun acto que realmente implica unha festa da Democracia detrás dunhas eleccións que casi son ordinarias detrás hai moitas cousas, o único e o verdadeiramente importante é a liberdade, vivimos nun país libre afortunadamente, e o que hoxe acontece aquí e froito da vontade popular, e en consecuencia é a expresión da soberanía do pobo que proclama a nosa Constitución, volver a tomar outra vez o mando do Concello de Ares como Alcalde para mín é un orgullo, sen dubida algunha de especial satisfacción. Despois de catro anos onde houbo de todo, alegrías, efectivamente tristezas, pero sen dúbida algunha moitísimo traballo, podemos considerar este triunfo como un recoñecemento por parte de todos vos á labor realizada polo grupo socialista, nunca se chega as metas solo, sempre chegase acompañado, en calquer meta que calquera afronta ó longo da nosa vida, sempre foron centos as mans que tendidas nos axudaron a subir escaleiras, esta é unha escaleira máis e evidentemente para mín o máis importante e poder sempre mirar a todos os cidadáns de fronte, e non ter e ogalla sexa así ningún motivo para agachar a mirada fronte a un encontró con algún de vós. Neste momentos o único que quero agradecer a todos os que están aquí presentes é que efectivamente valoren que estamos ó servicio do pobo, que estamos a servicio da nosa maneira de pensar, pero en todo caso son os intereses dos veciños os que sempre teñen que presidir as nosas decisións, detrás de cada unha das votacións que hai aquí están os veciños, estades todos vós, e por suposto sen dúbida algunha os intereses sagrados da comunidade, os que os políticos nos debemos, sabemos que a política está moi desprestixiada, e sabemos que a política nestes momentos sofre moitas carencias, temos as prazas cheas de xente co movemento de 15 M, miles de xovenes que deixan de confiar nas Institucións porque consideran que viven nunha formalidade Democrática que non da satisfacción, a ningunha de súas inquedanzas, esta claro que eso efectivamente e culpa nosa, os políticos temos que facer unha reflexión temos que facer autocrítica e temos que volver a ganarnos a confianza para non desprestixiar a liberdade, a liberdade e sagrada, pola liberdade efectivamente houbo moitísimos sacrificios e non, podemos poñerlle precio efectivamente tendo en conta intereses expureos que non representan os do pobo.

Daros as grazas a todos, dar as grazas o Partido Socialista por volver a confiar en mín para encabezar a candidatura, das as grazas os mil seiscentos veciños que confiaron na candidatura do Partido Socialista, por suposto estaremos a disposición de todos, os que nos votaron e os que non nos votaron, sempre estaremos defendendo os intereses colectivos, e sen dubida algunha como digo nestes momentos nestas metas, recordar sempre a xente que ó largo da miña vida me tendeu a man unha vez máis, e por suposto neste momentos tan importantes enviarlle un abrazo a meu amigo Pepe, que desde sempre desde que cheguei a Ares con catro anos efectivamente estivo a meu lado, é unha amizade que valoro e para mín é moi importante que hoxe este aquí e por suposto que tamén me acompañe co resto dos compañeiros nesta candidatura.



Detrás dunha Alcaldía hai moitas cousas, hai orgullo hai, dignidade, hai recoñecemento hai alegría, pero tamén detrás dunha Alcaldía hai moitísima responsabilidade, son moitas, moitísimas as tardes noites, en que efectivamente un chega, quedan obras pendentes e sempre tiven a Pepe, un colaborador estreito co que subir o coche e efectivamente darnos as voltas que foran necesarias polo Concello de Ares para intentar mellorar todo o que efectivamente é mellorable, e ademáis temos a obrigaón e a posibilidade de facelo. Moitas grazas Pepe por estar connigo, moitas grazas os compañeiros de candidatura por arrouparme nestes momentos e porque xuntos efectivamente chegamos a uns resultados históricos no Concello de Ares nas pasadas eleccións onde a victoria da nosa candidatura foi en todas e cada unha das mesas do Concello de Ares, e ese é un recoñecemento que efectivamente pasara o que pasara hoxe sempre levaríamos no corazón, moitas grazas veciños e por suposto o poder é do pobo.

Seguidamente, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, alcalde-presidente, dá por rematada a sesión ás 12,25 horas, do que, como secretario, dou fe.

Asdo.: Julio Ignacio Iglesias Redondo

Asdo.: Manuel Larrosa Rodríguez